




SUBIDA AO MONTOUTO

Adela Leiro, Mon Daporta
outubro 2021



Distancia: 5 km (ida e volta)

Dificultade: baixa



Baixa Entre a Cañiza e Covelo e case á mesma distancia dos núcleos principais, (uns 8,5 km) atópase este cume polo que tamén pasa a divisoria entre os concellos. Un lugar para facer unha camiñada curta, doada, un traxecto en subida, dos 800 aos 940 m, que se pode facer a pé ou en bicicleta, para achegarnos a un fermoso punto panorámico con vistas de 360º, que abrangue unha grande parte do sur da provincia de Pontevedra, desde onde vemos, cara ao leste, a serra do Faro de Avión e o val do río Deva, que vai ao Miño; ao sur os montes da Paradanta, e as serras do norte de Portugal; polo oeste os vales dos afluentes do Tea, as serras do Galleiro e os montes do Galiñeiro; e cara ao norte, as serras do Suído, o Cando e a Castrelada. Un cume cuberto de mato de toxo e breixos entre os que medran outras especies que locen entre a herba dos ocos do mato e nas beiras dos camiños, cunha fauna diversa, na que destacan as aves de espazos abertos, os lagartos e lagartiñas e numerosos insectos



Torre de vixilancia de incendios no cume,
con vista a toda a contorna



Cume do Montouto

PERCORRIDO

Saímos da Cañiza pola estrada N 120 en dirección a Covelo e Pontearreas e a uns 8,5 km, en canto pasamos o indicador de alto da Fontefría 790 m -que se atopa na linde entre os concellos da Cañiza e O Covelo-, ao pouco de comezarmos a baixar unha pequena recta, na que as parcelas de monte están valadas con malla metálica, vemos, á esquerda da estrada, unha pista pechada por unha cancela (que é onde comezamos a camiñada), e, á dereita, un pequeno espazo na berma para deixar o coche. O coche tamén podemos deixalo na pista por dentro da cancela ou levalo ata o cume e camiñar logo por alí e pola contorna.

Para facer a ruta deixamos o coche abaixo e botamos a andar pola pista que, sen desvíos, nos leva ao cume, levamos á dereita unha plantación de piñeiros rubios de bo porte e á esquerda piñeiros de outras especies –bravo, ou do país, e de Monterrei, ou de repoboación- doados de distinguir polo tamaño, a cor e a textura das súas follas. En canto saímos da zona dos piñeiros temos á esquerda a serra do Faro de Avión e se nos achegamos á beira, o val do río Deva e a Cañiza. Xa preto do cume descubrimos as serras do sur e cando chegamos ao pé da torre de vixilancia de incendios as panorámicas cara ao norte e o oeste, o vértice xeodésico e as cruces.

Camiñando logo en busca de outros puntos de interese, e seguindo informacións previas adquiridas en consultas de mapas, textos e páxinas web podemos descubrir outros



Montouto



Miradoiro das Tres Cruces





Lagoa ou cráter producido polo impacto dun meteorito, como suxiren recentes investigacións



Unha das mámoas do Montouto



Laverca (*Alauda arvensis*) paxaro de espazos abertos mimetizada entre as herbas



Vexetación típica de turbeira



Toxo gateño (*Ulex gallii*)



Piñeiros



Panorâmica do Faro de Avión, A Cañiza e o val do Deva



Vista da serra
da Paradanta



Panorâmica cara ao norte.
Ao fundo a serra
da Casrrelada